



Comunicado

A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL, DISPOSTA A ACOLLER ÓS REFUXIADOS

Ferrol, 09 de octubre de 2015.- Ante a situación tan dramática dos refuxiados e emigrantes que foxen da guerra, da violencia, da fame e da miseria, e que chaman desesperadamente ás portas de Europa, como cidadáns e como cristiáns non podemos permanecer indiferentes.

O estranxeiro que emigra ou que fuxe non pode ser considerado como un estrano e menos como un adversario ou inimigo. É ante todo unha persoa e, nestes casos extremos, unha persoa necesitada e angustiada; e para nós, os cristiáns, un irmán que reclama o noso achegamento e solidariedade.

O papa Francisco pediunos responder con misericordia a esta chamada, advertindo “que a globalización da indiferenza non acabe por secar as nosas bágoas”. E mesmo nos chegou a dicir “que cada parroquia, que cada comunidade relixiosa, cada mosteiro, cada santuario de Europa acolla a unha familia”.

Desde a nosa diocese de Mondoñedo-Ferrol queremos secundar esta chamada e unirnos, dentro das nosas posibilidades, ás iniciativas da Igrexa en Galicia e en España que, a través da Conferencia Episcopal, Cáritas, Confer e outras institucións e asociacións, están dispostas a acoller e integrar ós refuxiados.

Cando desde as autoridades estatais, que son as que teñen a obriga de acoller e integrar humanitaria e legalmente ós refuxiados e emigrantes, nolo pidan, estaremos dispostos como Igrexa a por á súa disposición os nosos medios, entre outros, utilizando as vivendas desocupadas que teñan condicións para esta acollida, como xa se fixo tantas veces e se está a facer en casos similares.

*“Cada vez que o fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos, fixéstelo comigo”
(Evanxeo segundo Mateo, 25, 41)*

Para máis información:

Antonio Rodríguez Basanta (670 248 594),

Administrador diocesano e coordinador do Servizo Diocesano de Comunicación

Informa: Pilar Lourido